



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de piano complementario

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1





Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	4
3.	Atención á diversidade.....	8
4.	Temas transversais.....	13
	4.1 Educación en valores.....	13
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	14
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	16
6.	Secuenciación do curso.....	17
	6.1 Curso: 3º GP.....	17
	6.2 Curso: 4º GP.....	22
	6.3 Curso: 5º GP.....	28
	6.4 Curso: 6º GP.....	35
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	42
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	42
9.	ANEXOS.....	43
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	43
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	43





1. Introducción

A finalidade da materia de Piano Complementario se centra en sinalar a utilidade do piano como ferramenta para todo músico. Orientada deste modo, a materia ten características propias, que a diferencian da materia de Piano:

1) O piano en PC é visto como un medio, e non como un fin, para a comprensión de procesos musicais: a harmonía, a polifonía, a verticalidade na música. Tamén vai ser visto o piano como un instrumento de apoio no posible papel dos nosos alumnos como futuros profesores, facilitándolles que poidan acompañar de xeito máis ou menos sinxelo os seus alumnos, dependendo do seu grao de aproveitamento da materia.

2) Os alumnos comezan o estudo do piano en PC con maior idade que os que estudan o piano como instrumento principal, e isto vai posibilitar outras formulacións, que permiten un maior uso do razoamento e a comprensión dos procesos musicais implicados.

Non obstante, a pesar de que en boa medida a materia vai estar vinculada á comprensión da harmonía e realización de prácticas ligadas a esta, hai que indicar aquí que tamén é necesaria a adquisición dunha técnica que permita un desenvolvemento eficaz no teclado, que pasa pola realización de exercicios específicos (escalas, estudos) e o traballo dun repertorio propio do instrumento.

E, para finalizar esta introdución, unha aclaración: como dixemos máis arriba, a materia de PC agora en LOE realízase ao longo dos catro últimos cursos no Grao Profesional, sendo estes de 3º a 6º. Por iso, cando falamos nesta programación dos obxectivos, contidos, etc. do curso 1º, estémonos a referir ao primeiro curso da materia, pero que se realiza cando o alumno está en 3º de GP, e así co resto dos cursos.





O curso 2019/2020 veuse influído pola emerxencia sanitaria derivada do COVID19, que supuxo a suspensión das clases presenciaís no 3º trimestre. O alumnado e profesorado continuaron, na medida das posibilidades, co traballo a distancia, mediante clases online, envío de vídeos e con tarefas adaptadas ás circunstancias. Por iso, esta programación didáctica adáptase para poder realizar o traballo de xeito telemático sen que repercuta en gran medida na calidade do ensino.

▪ Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.





- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.





2. Metodoloxía

A metodoloxía a empregar na materia de Piano Complementario terá como recurso principal a participación activa do alumnado, promovendo a súa autonomía no estudo e desenvolvemento musical no piano.

Motivarase ó alumnado con actividades que desperten o seu interese polo piano, traballando obras dun nivel axeitado para cada alumno.

Terase en conta a diversidade do alumnado, xa que o alumnado de piano complementario ven de todas as disciplinas do centro e cada un deles coas súas características específicas. Polo que faranse adaptacións curriculares para os alumnos que xa teñan coñecementos previos do piano ou precisen dun traballo máis específico do instrumento.

Ademáis, esta programación establece un Plan de Reforzo que vai destinado a todo o alumnado, para poder completar a formación do curso anterior (agás para o alumnado de 3º GP) que por mor da suspensión da actividade lectiva presencial, non puido completar os obxectivos e contidos do curso. Así pois, este plan de reforzo inluirá o traballo de materiais que axuden a complementar a formación.

O profesorado que conta cunha hora de Reforzo, adicará especialmente esa hora ao traballo antes mencionado, así como a outras actividades co seu alumnado. O profesorado que non conta con esta hora específica (por ter menos alumnos de piano) fará esta especial atención na Titoría.

5. 1. METODOLOXÍA DO PRIMEIRO CURSO (3º G. P.).

Ao principio faremos unha descrición do piano desmontando as súas diferentes partes, deixando á vista do alumno o seu mecanismo e facéndoo partícipe desta exploración.





Tratarase de habituar ao alumno a que adopte unha boa posición ante o piano de xeito progresivo, insistindo sobre iso en cada clase, facéndoo ver e sentir que a postura máis relaxada é a que resulta máis útil.

En canto á situación do alumno no teclado iniciaremos o traballo partindo do Do central situando o alumno nos distintos rexistros do piano asociándoo coas claves de Sol e Fa.

Para iniciar o alumno na dixitación pianística, teremos en conta as posibles diferenzas respecto á dixitación do seu instrumento principal.

O alumno recoñecerá as diferenzas dinámicas entre *forte* e *piano* mantendo para iso unha execución relaxada facendo uso do peso do brazo e evitando presións innecesarias. A disociación dinámica de ambas as dúas mans levará a cabo pola práctica de diferentes exercicios (diferenciación entre diferentes roles: melodía - acompañamento).

Abordarase o ataque simultáneo de varias notas mediante o uso de acordes. Poderanse aplicar no acompañamento sinxelo con dous acordes de funcións harmónicas diferentes. Dependendo do nivel de aprendizaxe do alumno, levarase o aprendido ao terreo da improvisación.

O traballo dos tipos de toque dependerá da idade e da conformación física da man de cada alumno. Iniciarase o traballo no piano cun toque *non legato* evitando así tensións e favorecendo a forza e flexibilidade da man. Progresivamente irase introducindo o toque *legato* coa realización de diversos exercicios de posición fixa con cinco dedos abrangendo rexistros diferentes.

Iniciarase o traballo do paso do polgar con pequenos exercicios tendo en conta a elasticidade do brazo, pulso e o seu movemento progresivo para a súa correcta execución.

Practicarase a memoria en pasaxes breves e sinxelas facendo uso da análise harmónica - formal previa.

Iniciarase o alumno de xeito gradual á lectura á primeira vista partindo para iso das mans separadas, seguindo con mans xuntas a distancia de oitava, mans xuntas en distintas oitavas, etc., pouco a pouco aumentándose a dificultade.





Iniciarase o alumno no transporte de estruturas harmónicas sinxelas (I, IV, V) nas tonalidades de Do, Fa e Sol e os seus relativos menores.

5. 2. METODOLOXÍA DO SEGUNDO CURSO (4º G. P.).

Continuarase traballando os aspectos fundamentais tratados no primeiro curso.

Buscarase combinar e contrastar durante as clases ao longo de todo o curso a práctica dos diferentes roles pianísticos: solista, acompañamento, catro mans, etc.

Traballaranse aspectos técnicos como o tipo de toque, as dixitacións, as dinámicas mediante exercicios e extraendo diferentes pasaxes dunha obra.

A iniciación ao alumno ao uso do pedal desenvolverase mediante a realización de pequenos exercicios cunha soa nota, pasando despois aos acordes. O máis recomendable sería empezar a usalo en obras xa interpretadas ou en momentos concretos das obras (en acordes finais).

O traballo de acordes, cadencias, progresións, etc., realizarase nas obras mediante a análise previa, o que implicará tamén traballar fóra destas.

Traballarase de forma paralela as escalas e arpejos tendo en conta aspectos como o paso do polgar, as dixitacións, os acordes, prestando especial atención á posición e apertura da man ata assimilar o "molde" propio de cada acorde.

Continuarase o traballo dos diferentes roles das mans (melodía - acompañamento) mediante o practica de exercicios (cantando, etc.).

Practicaranse obras de diferentes épocas explicando as súas características estilísticas.

O traballo da improvisación farase a partir de harmonías, motivos melódicos sinxelos e ritmos dados previamente incluíndose os conceptos de notas reais e de adorno (notas de paso).

Seguirase traballando a lectura á primeira vista de pasaxes sinxelas de obras agora xa con ambas as dúas mans utilizando criterios coherentes de dixitación, lectura anticipada para desenvolver a fluidez na lectura, regularidade no tempo, e evitando mirar ao teclado na medida do posible.





Para a práctica da memoria sería interesante a memorización dalgunha obra do repertorio.

Iniciarase o alumno ao transporte de obras sinxelas como cancións populares baseándose nunha análise harmónica previa, nas distancias interválicas (poñendo atención nas notas reais) e na memoria auditiva.

Iniciar o alumno á redución de partituras simplificando ao máximo (omitindo algunhas notas de acordes, terceiras ou outras disposicións de notas dobres).

5. 3. METODOLOXÍA DO TERCEIRO CURSO (5º G. P.)

Seguiranse traballando aspectos fundamentais vistos no segundo curso.

Combinar nas clases durante todo o curso a práctica dos diferentes roles pianísticos: solista, acompañamento, catro mans, etc.

Seguiranse traballando aspectos técnicos como o tipo de toque, as dicitacións, as dinámicas mediante exercicios e diferentes pasaxes dunha obra.

Habituarase ao alumno no uso do pedal nos diversos aspectos do Piano Complementario e será o profesor quen dea dunhas pautas para que teña un criterio propio en canto a pedalización.

O traballo de acordes, cadencias, progresións, etc., realizarase nas obras mediante a análise previa, o que implicará tamén traballar fóra destas.

Traballarase diversos aspectos técnicos (exercicios con escalas e arpejos) para reforzar e completar a formación pianística do alumno.

Práctica de obras de diferentes estilos, linguaxes (Jazz, música tradicional, etc.)

O traballo da lectura a vista levarase a cabo a partir dunha análise previa por parte do alumno.

Traballarase a improvisación a partir de estruturas harmónicas e formais previamente dadas.





No traballo memorístico o profesor traballará co alumno utilizando as obras do repertorio desenvolvendo exercicios e pautas para desenvolver os diversos tipos de memoria existentes (auditiva, muscular, visual, analítica, etc.).

Continuarase iniciando o alumno ao transporte de cancións populares baseándose na súa análise harmónica, as súas distancias interválicas (poñendo atención nas notas reais) e na memoria auditiva.

Inculcarase ao alumno dunhas pautas a seguir para desenvolver a súa autosuficiencia no estudo e así desenvolver uns criterios pianísticos propios á hora de solucionar calquera tipo de problema musical ou técnico.

Abordaranse os criterios básicos de redución de partituras mantendo os elementos esenciais e eliminando os superfluos.

5. 4. METODOLOXÍA DO CUARTO CURSO (6º G. P.)

Seguiranse traballando aspectos fundamentais vistos no terceiro curso.

Combinar durante as clases durante todo o curso a práctica dos diferentes roles pianísticos: solista, acompañamento, catro mans, etc.

Seguiranse traballando aspectos técnicos como o tipo de toque, as dixitacións, as dinámicas mediante exercicios e diferentes pasaxes dunha obra.

Habituarse ao alumno no uso do pedal nos diversos aspectos do Piano Complementario e buscando que adquira un criterio propio en canto a pedalización.

O traballo de acordes, cadencias, progresións, etc., realizarase nas obras mediante a análise previa o que implicará tamén traballar fóra destas.

Continuarase traballando diversos aspectos técnicos (exercicios con escalas e arpejos) para reforzar e completar a formación pianística do alumno.

Improvisación a partir de estruturas harmónicas e formais con certo grao máis de complexidade que no curso anterior. Incluírse para iso o respecto ás dinámicas, liñas de fraseo, notas de adorno, etc.

Práctica da lectura a vista utilizando todos os elementos aprendidos e prestando especial atención aos musicais (matices, respiracións, fraseos, etc.).





Continuarase iniciando o alumno ao transporte de pezas de maior dificultade que en cursos anteriores.

Realizarase a redución de partituras co apoio de anotacións dos graos tonais básicos e sinais que faciliten a redución (Baixo cifrado, harmonía tradicional, etc.).

3. Atención á diversidade

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ANEE)

Entendese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves de conduta. Considérase ANEE cando amosa as seguintes características:

- 1) Alumnos con dificultades de comunicación e linguaxe.
- 2) Alumnado con discapacidade intelectual.
- 3) Alumnado con hiperactividade e/ou déficit de atención.
- 4) Alumnado con autismo.





5) Alumnado con síndrome de DOWN.

6) Alumnos con minusvalías físicas: adaptarse o espazo na aula e facilitarase o acceso á mesma.

ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

OConceptualmente, desde un punto de vista amplo, os trastornos da aprendizaxe (TA) defínense en base a un rendemento escolar por debaixo do esperado nas capacidades para a lectura, o cálculo e/ou a expresión escrita, tendo en conta a idade cronolóxica do alumnado, a súa escolarización e o seu nivel intelectual, que interfire negativamente no desenvolvemento do Proceso curricular e/ou nas actividades cotiás que requiren a adquisición das anteditas destrezas.

A resposta educativa axeitada aos TA vai consistir, pois, en detectar cales son as axudas que necesitan os estudantes para progresaren na súa aprendizaxe e empregar estas axudas en prol das necesidades inicialmente avaliadas.

ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos.





Considérase alumnado con sobredotación intelectual cando amosa as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Así, das persoas talentosas afírmase que mostran habilidades excepcionais en áreas moi concretas, polo que se caracterizan pola súa competencia específica.

Das persoas precoces destacan as aprendizaxes temperás, xa que manifestan unha competencia específica prematura, das que dicimos que son un prodixio, sinalamos que conseguen produtos inimaxinables e destacados para a súa idade.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA (PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO)

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.





Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro que presente todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo, graves dificultades de adaptación. Estas medidas poderán ser tanto de tipo curricular como organizativo, irán dirixidas a todo o alumnado que conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO POR CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo. Entre este alumnado podemos considerar:

- 1) Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- 2) Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- 3) Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- 4) Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.





- 5) Alumnado pertencente a familias itinerantes.
- 6) Atención educativa a xoves embarazadas.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara os demais e cara o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sin adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar aa formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.

A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección





postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación. •

A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinação histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica

4.2 **Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)**

A competencia do tratamento da información e competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para desenvolver esta competencia os alumnos





utilizarán as TIC nos procesos de aprendizaxe. Todas as actividades musicais pódense traballar nesta contorna.

Despois da suspensión das clases o curso pasado, e a necesidade de continuar ca actividade lectiva de xeito telemático, as TICs cobraron maior importancia se cabe, coma unha ferramenta fundamental no ensino.

Ditas (TIC) constitúen un dos eixos centrais da moderna sociedade da información e do coñecemento, cuxo alcance se estende a todas as parcelas da actividade humana, entre elas, a que configuran as disciplinas artísticas. Neste sentido, o carácter especializado dos estudos musicais nas súas diferentes vertentes instrumentais ou vogal pode e debe complementarse coa adecuada formación dos instrumentistas ou cantantes no campo das TIC, como elemento indispensable da formación e do exercicio profesional do futuro músico. Neste contexto, a música incorporouse progresivamente ao acelerado proceso de innovacións científicas e tecnolóxicas que propiciaron a aparición de materias ou especialidades que teñen por obxecto tanto a adquisición dunha linguaxe comprensivo e unitario de todos os aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, como a súa utilización e aplicación musicais. Para achegar aos estudantes a un primeiro contacto coa informática musical, parece necesario introducir os elementos básicos e a toma de contacto directo con esta disciplina de tanta aplicación e importancia na formación complementaria actual e futura de todo músico. Desta forma, amplíase e complementa o proceso formativo no que tanto esta materia como o resto (incluídas as optativas) contribúen notablemente a consolidar as bases e a orientación cara a posibles estudos posteriores ou ben cara ao exercicio profesional. Para este tipo de estudos requírese un equipamento informático completo, que contemple os recursos de hardware e software adecuados, así como os elementos accesorios e periféricos adecuados.

A web do centro constitúe un punto de referencia centralizada onde se aloxa aquela información de utilidade para toda a comunidade escolar, ademais de desempeñar certo





labor de promoción do centro e das actividades que se organizan (reforzándose neste caso coas redes sociais coma Facebook e Twitter, Whatsapp...).

De vital importancia e a utilización da plataforma informática de xestión dos conservatorios CENTROS NET. Preténdese ir potenciando o uso da área do profesorado, así como da área do alumnado, onde estará dispoñible a programación didáctica e diferentes materiais relacionados coa materia: exercicios, contidos teóricos, enlaces a diferentes webs de recursos específicos, youtube, etc.

MODIFICACIÓNS NAS **NOF** DO CENTRO

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos e así se teña recollido na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquer dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.), se dita aplicación se así se recolle na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).
4. Para o uso de calquer outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do mobil ou de calquer outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.





5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O Departamento de Piano organizará Audicións da materia de piano complementario. As audicións de piano complementario non serán obrigatorias

O profesor poderá coordinar actividades con outros Departamentos ou formacións musicais do centro.

Todas estas actividades deberanse adaptar ás instrucións das autoridades sanitarias e ás directrices que o centro estableza en relación á situación do COVID19.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 3º GP

1.1.1 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que considere de especial interese.

6.1.1 Obxectivos

- 1.- Coñecer as partes básicas do piano e as súas posibilidades sonoras.
- 2.- Adecuar a postura ao piano poñendo atención á altura do asento e á posición do brazo con relación ao teclado.
- 3.- Adoptar unha boa colocación da man e familiarizarse coa dicitación pianística.
- 4.- Diferenciar o papel do piano como instrumento solista e como acompañante.
- 5.- Realizar de xeito básico diferenciacións dinámicas.
- 6.- Coñecer e realizar as diferenzas entre o toque *legato* e *non-legato*.
- 7.- Iniciar o alumno na análise da estrutura dunha obra dun xeito elemental.





- 8.- Iniciar o alumno nas funcións harmónicas básicas (I, IV, V).
- 9.- Iniciar o alumno no cifrado tradicional e no americano.
- 10.- Inicialse no paso do polgar.
- 11.- Adoptar a lectura á primeira vista como un elemento natural de aprendizaxe.
- 12.- Tomar conciencia da importancia do estudo do piano como instrumento complementario para a súa formación como músico.
 - Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 1, 3 e 12.

6.1.2 Contidos

- 1.- Exploración das partes do piano dun xeito práctico, visual e auditivo.
- 2.- Adquisición dunha postura correcta ao piano, tendo en conta a altura do asento, a posición do brazo, o pulso e a man respecto ás teclas e mantendo as costas relaxada para evitar posibles tensións e trabas na execución.
- 3.- Interpretación de pasaxes en posición fixa de cinco dedos en diferentes tesituras.
- 4.- Práctica de diferentes graos de dinámica.
- 5.- Práctica de *legato* e *non-legato*.
- 6.- Comprensión e realización de frases sinxelas tipo pregunta-resposta.
- 7.- Realización de acordes tríades e de sétima de dominante nas tonalidades de Do, Sol e Fa maiores e os seus relativos menores utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano.
- 8.- Uso dos acordes básicos (I, IV, V) na realización de acompañamentos simples.
- 9.- Práctica do transporte con acordes I, IV e V en tonalidades de Do, Sol e Fa así como os seus relativos menores.
- 10.- Iniciación básica no paso do polgar (escalas cromáticas, diatónicas a dúas oitavas).
- 11.- Lectura á primeira vista de obras e pasaxes de dificultade mínima.





- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 2, 6 e 11.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

1. Ler textos a primeira vista.
2. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
3. Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
4. Chegar a través da análise harmónica interna dun fragmento de partitura á estrutura.
5. Ler de forma simplificada obras ou fragmentos con disposicións harmónicas.
6. Acompañar unha melodía coa axuda do profesor.

Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en Do, Sol e Fa maiores
- Ler a primeira vista obras/fragmentos simplificados.
- Acompañar melodías axudado do profesor.

2º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en La, Mi e Re menores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos simplificados.
- Acompañar melodías axudado do profesor.





3º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos simplificados.
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía improvisada.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os criterios de avaliación aplicaranse por medio dos seguintes procedementos:

- Observación sistemática individual en clase, a través do caderno do profesor. Neste reflectirase a evolución do alumno, o traballo realizado no seu estudo persoal, o grao de cumprimento dos obxectivos e as incidencias.
- Probas. Realizaranse probas nas que se valorarán contidos que, ademais da interpretación do repertorio, inclúan a realización de estruturas harmónicas, improvisacións, escalas, etc. **Ditas probas poderán tamén realizarse de xeito telemático se as circunstancias o requiren.**
- Con base no cumprimento dos obxectivos do curso, en cada un dos cursos valoraranse os seguintes aspectos:
- A realización dos contidos mínimos arriba recollidos (específicos para cada curso), nos que se reflecta:
 - A resolución correcta de aspectos técnicos instrumentais.
 - A comprensión dos procesos musicais implicados.
 - Tamén se valorará aspectos actitudinais como: compromiso coa materia, reflectido nuns hábitos de estudo regulares e axeitados, interese en mellorar, esforzo, mostra de iniciativa, ademais de regularidade ao longo do curso.





Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas Ensinanzas Artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Polo tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será:

20%: actitude fronte á materia e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

20%: calidade non estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade de estudo na casa)

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Criterios para a ampliación de matrícula:

- Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Repentización, realizarase unha proba no que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor e interpretará alo menos dúas obras para piano. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Interpretación das obras: 40%

- Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.





6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ascenda de curso coa materia de Piano Complementario pendente, continuarase traballando os contidos do curso inferior, ata que alcance o nivel para afrontar os do curso seguinte. Isto facilitarao o feito de que as clases son individuais e, deste modo, a adaptación ao nivel e necesidades do alumno é doada de realizar.

Se se considera conveniente, poderanse poñer tarefas extras para superar carencias concretas, mesmo no caso de non ter a materia pendente. **Poderase recuperar o 1º trimestre e o 2º trimestre co traballo contínuo en clase.**

Recuperación no caso de que a avaliación continua non sexa posible: Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios no que as porcentaxes para a avaliación dos serán:

- Interpretación das obras: 40%





- Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%

Probas extraordinarias de setembro

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de xuño unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en setembro, que consistirá en demostrar, a través dunha proba práctica, que asimilou os contidos mínimos do curso, recollidos nesta programación.

6.1.5 Recursos didácticos

“Piano Práctico” 1º A..... A. Sánchez
 Peña Escola rusa de piano 1ºA
 Nikolaev
 “El Piano” (Iniciación/Preparatorio)... Tchokov-Gemiu
 “Método Europeo” vol. 1º F. Emonts
 “De Bach a Stravinsky” A. Zipilivan
 Mikrokosmos I..... B. Bartok
 “Piezas fáciles” Kabalevski
 Czerny _____ Os cinco dedos Op. 777: nº 1, 2, 3,
 4, 5, 7, 8 F. Emonts _____ Método Europeo I
 Violeta Hemsy de Gainza____ Palitos chineses Volume I
 a; I b Antón García-Abril _____ Cadernos de
 Adriana I, II, III M. Carra _____ Método
 curso 1º, 1º volume Kabalewsky _____ Op.
 39: 1-12, e Op. 89: 1-8
 B. Bartok _____ Mikrokosmos Vol. I, e “32 Klavierstück”
 nº 1, 3 Duvernoy _____ Estudos
 Elyse Mach _____ Contemporary Class Piano





E. L. Lancaster _____ Alfred's Basic Adult Piano Course
Greatest E. L. Lancaster, Victoria McArthur _____ I Used
to Play Piano.

6.2 Curso: 4º GP

1.1.2 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre os obxectivos e contidos do curso anterior que deben ser reforzados por mor da suspensión das clases presenciais no terceiro trimestre. Así mesmo, tamén deberá ter en conta e recabar datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que considere de especial interese.

6.2.1 Obxectivos

- 1.- Uso básico do pedal.
- 2.- Estudo de exercicios e obras onde se realice o paso do polgar poñendo atención á uniformidade no son e a boa posición da man.
- 3.- Práctica de escalas a dous oitavas nas tonalidades maiores e menores de ata dúas alteracións.
- 4.- Aplicación de criterios básicos de dixitación.
- 5.- Estudo de obras que tratan dificultades técnicas específicas, ampliando o traballado no curso anterior.
- 6.- Interpretación de obras ou fragmentos onde sexa necesario facer unha diferenciación dinámica clara entre melodía e acompañamento, podendo ser este en forma de acordes.
- 7.- Combinación de diversos ataques e articulacións.





8.- Toma de contacto con obras de diferentes épocas intentando apreciar os elementos estilísticos máis representativos.

9.- Aproximación teórica ás diferentes partes dunha obra e ás consecuencias musicais derivadas.

10.- Realización de acordes tríades e de sétima de dominante nas tonalidades maiores e menores de ata dúas alteracións utilizando estruturas que conteñan os graos I, IV e V expresados tamén en cifrado americano.

11.- Práctica da cadencia andaluza.

12.- Práctica de transporte de pequenas obras ou pasaxes sinxelas con acordes I, IV e V en tonalidades de ata dúas alteracións.

13.- Práctica de lectura á primeira vista.

14.- Improvisación e elaboración de motivos e frases musicais dentro das tonalidades estudadas.

- Reforzaranse no primeiro trimestre os obxectivos do 3º curso do Grao Profesional.

- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 7, 8 e 10.

6.2.2 Contidos

1.- Interpretación de tres obras do nivel do curso.

2.- Enlace dos acordes tonais (I, IV e V) nas tonalidades ata dúas alteracións, maiores e menores.

3.- Realización dunha estrutura harmónica improvisada, con acordes de I, IV e V graos e unha tonalidade ata dúas alteracións.

4.- Escalas das devanditas tonalidades, de tres oitavas.

5.- Lectura á primeira vista de obras sinxelas, con cambios de posición.

- Reforzaranse no primeiro trimestre os contidos do 3º curso do Grao Profesional.

- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 1,2 e 5.





6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- 1) Ler textos a primeira vista.
- 2) Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- 3) Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- 4) Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado e redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
- 5) Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas típicamente pianísticas (arpexios, etc.).
- 6) Acompañar unha melodía coa axuda dun profesor.

Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en 4 tonalidades maiores
- Ler a primeira vista obras/fragmentos simplificados.
- Acompañar melodías axudado do profesor.

2º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en 4 tonalidades menores
- Ler a primeira vista obras/fragmentos simplificados.
- Realizar estruturas harmónicas dadas polo profesor.

3º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.





- Ler a primeira vista obras/fragmentos con cambios de posición.
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía improvisada.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os criterios de avaliación aplicaranse por medio dos seguintes procedementos:

- Observación sistemática individual en clase, a través do caderno do profesor. Neste reflectirase a evolución do alumno, o traballo realizado no seu estudo persoal, o grao de cumprimento dos obxectivos e as incidencias.
 - Probas. Realizaranse probas nas que se valorarán contidos que, ademais da interpretación do repertorio, inclúan a realización de estruturas harmónicas, improvisacións, escalas, etc. **Ditas probas poderán tamén realizarse de xeito telemático se as circunstancias o requiren.**

Con base no cumprimento dos obxectivos do curso, en cada un dos cursos valoraranse os seguintes aspectos:

- A realización dos contidos mínimos arriba recollidos (específicos para cada curso), nos que se reflecta:
 - A resolución correcta de aspectos técnicos instrumentais.
 - A comprensión dos procesos musicais implicados.
- Tamén se valorará aspectos actitudinais como: compromiso coa materia, reflectido nuns hábitos de estudo regulares e axeitados, interese en mellorar, esforzo, mostra de iniciativa, ademais de regularidade ao longo do curso.





Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas Ensinanzas Artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Polo tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será:

20%: actitude fronte á materia e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

20%: calidade non estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade de estudo na casa)

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).
- Criterios para a ampliación de matrícula:
 - - Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Repentización, realizarase unha proba no que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor e interpretará alo menos dúas obras para piano. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:
 - - Interpretación das obras: 40%
 - - Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%





A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de ter un ou dous trimestres suspensos, a recuperación realizarase no último trimestre por tratarse dunha avaliación continua, e onde o alumno terá que demostrar que acadou os obxectivos e contidos do curso. **Poderase recuperar o 1º trimestre e o 2º trimestre co traballo contínuo en clase.**

No caso de que neste ano académico o alumno teña pendente a disciplina de Piano Complementario do curso anterior, ó comezo do curso académico o profesor poderá realizar una proba inicial para saber si o alumno no período de vacacións recuperou a materia correspondente ó curso non superado e así incorporarse directamente ós contidos do curso seguinte. No caso contrario, e ó ter o Piano Comp. a opción de ser un ensino individual, o profesor programará o curso para que, si o estudio e a aprendizaxe do alumno son os apropiados, poda realiza-los contidos que lle faltan do curso anterior e os correspondentes ó novo curso.

Recuperación no caso de que a avaliación continua non sexa posible: Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo





caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios no que as porcentaxes para a avaliación dos serán:

- Interpretación das obras: 40%
- Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia en Xuño, poderán como establece a L.O.E. examinarse en setembro dos contidos que queden pendentes, ou de aqueles que estime oportuno o seu profesor, mediante un informe de recuperación que se dará ao titor do alumno na avaliación final.

6.2.4 Recursos didácticos

- “Método Europeo” vol. 2º F. Emonts
Escola rusa de piano 1ºB.....
Nikolaev
Burgmüller _____ Estudos nº 1, 2
Czerny _____ Os cinco dedos Op. 777: nº 6, 9, 10, 11, 12, 14,
15, 17, 18 Duvernoy _____ Estudos
F. Emonts _____ Método
Europeo II Violeta Hemsy de Gainza ___ Vol II
a; II b; III
M. Carra _____ Método curso 1º, 2º volume
Mozart _____ Pezas para piano (Mozart Piano pieces)
Kabalewsky _____ Op. 39: 13-20; e Op. 89
B. Bartok _____ Mikrokosmos II (ata nº 55); e “32 Klavierstück” nº 2,
5





Z. Nömar _____ Cantos de España: O gato e o ratón; Bartolo tiña unha flauta;

Tres folliñas, nai; A min gústame o branco; Se a neve escorrega; Os catro muleros

6.3 Curso: 5º GP

1.1.3 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre os obxectivos e contidos do curso anterior que deben ser reforzados por mor da suspensión das clases presenciais no terceiro trimestre. Así mesmo, tamén deberá ter en conta e recabar datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que considere de especial interese.

6.3.1 Obxectivos

- 1.- Reforzo dos contidos aplicados nos cursos anteriores.
- 2.- Uso con criterio do pedal de resonancia.
- 3.- Diferenciación dos diferentes planos sonoros no repertorio a traballar.
- 4.- Práctica de escalas a mans xuntas en tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións.
- 5.- Estudo de exercicios e obras onde se traballe tanto o *legato* como en *non legato*.
- 6.- Desenvolvemento dun criterio persoal á hora de escoller dixitacións axeitadas.
- 7.- Traballo de obras de diferentes estilos.
- 8.- Combinación de diferentes ataques e articulacións.
- 9.- Coñecemento teórico das diferentes partes dunha obra e as consecuencias musicais derivadas.
- 10.- Realización dos acordes tríades en todos os graos e de sétima de dominante nas





tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano e as dominantes secundarias.

11.- Iniciación ao transporte de fragmentos e pezas sinxelas.

12.- Práctica da lectura a vista de obras, fragmentos e acompañamentos de mediana dificultade.

13.- Construción de formas musicais básicas mediante a improvisación de melodías e acompañamentos.

14.- Redución de obras de piano e outro instrumento así como partituras pianísticas.

- Reforzaranse no primeiro trimestre os obxectivos do 4º curso do Grao Profesional.

- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 4, 6 e 14.

6.3.2 Contidos

1.- Posición base na execución pianística

2.- Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do peso do brazo.

3.- Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, coordinación, velocidade forza e resistencia nos movementos articulares dos dedos).

4.- Desenvolvemento da técnica braquial (caída e lanzamento de antebrazo e brazo, movementos de rotación da man, desprazamentos laterais...).

5.- Principios de dixitación pianística.

6.- Práctica dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.

7.- Coñecemento do instrumento. Coñecemento dos pedais e as súas funcións.

8.- Interpretación de obras a dúas e catro mans.

9.- Lectura harmónica (acordes maiores e menores de dominante e subdominante, enlaces dos mesmos, modelos de acompañamento diversos adaptados a cada estrutura).

10.- Lectura contrapuntística.



- 11.- Lectura de partituras a primeira vista.
- 12.- Realización de acompañamentos de melodías instrumentais ou vocais.
- 13.- Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas armónicas dadas.
- 14.- Análise harmónico de fragmentos sinxelos de música para teclado.
 - Reforzaranse no primeiro trimestre os contidos do 4º curso do Grao Profesional.
 - Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 1,2 e 5.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

1. Ler textos a primeira vista.
2. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
3. Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
4. Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado e redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
5. Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas típicamente pianísticas (arpexios, etc.).
6. Acompañar unha melodía coa axuda dun profesor.

Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en todas as tonalidades maiores.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos simplificados.

2º TRIMESTRE





- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en todas as tonalidades.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos con cambios de posición e tonalidade.
- Realizar estruturas harmónicas dadas polo profesor.

3º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos con cambios de posición.
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía improvisada.
- Realizar pequenas pezas improvisadas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da disciplina será continua e nela o profesor valorará de forma constante o progreso que o alumno vai experimentando durante todo o curso, así como a súa actitude e asistencia.

- Probas. Realizaranse probas nas que se valorarán contidos que, ademais da interpretación do repertorio, inclúan a realización de estruturas harmónicas, improvisacións, escalas, etc. **Ditas probas poderán tamén realizarse de xeito telemático se as circunstancias o requiren.**

No caso de perda do dereito á avaliación continua do alumno por exceder-lo número máximo de faltas, o alumno terá dereito a un exame final que será realizado e convocado polo seu profesor. O contido deste exame será establecido polo Departamento de Tecla.

Os instrumentos de avaliación son as anotacións de aula, no que se rexistran as incidencias significativas ó longo do curso, e o boletín de cualificacións, onde se reflectiran as puntuacións obtidas polo alumno en tódalas materias do curso.





A sesión de avaliación do alumno terá lugar ó final de cada trimestre e estará presidida polo profesor titor (profesor de instrumento). Nela o equipo docente avaliará a evolución do alumno e plantexará, no caso de existir problemas, as posibles solucións e medidas a adoptar.

Criterios de cualificación

1. Interpretación de escalas e arpexios.
2. Lectura a vista.
3. Improvisación de melodías e acompañamentos nas tonalidades traballadas.
4. Harmonización dunha melodía dun mínimo de 8 compases.
5. Presentación de entre 10 e 15 pezas para piano, segundo o nivel das obras (o tribunal esixirá que se interpreten o número delas que considere oportuno). O alumno poderá presentar un número inferior de pezas si son de maior dificultade e extensión previa consulta co profesor.
 6. A nota será numérica, sen a inclusión de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno ha de obter unha cualificación igual ou maior a 5.
 7. Para a cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba mencionados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:
 8. Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas Ensinanzas Artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Polo tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será:
 9. 20%: actitude fronte á materia e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.
 10. 20%: calidade non estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade de estudo na casa)
 11. 20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.
- 40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica





pianística)

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Criteria para a ampliación de matrícula:

- Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Repentización, realizarase unha proba na que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor e interpretará alo menos dúas obras para piano. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Interpretación das obras: 40%

- Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%

A proba valorarase de 1 a 10 na que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de ter un ou dous trimestres suspensos, a recuperación realizarase no último trimestre por tratarse dunha avaliación continua, e onde o alumno terá que demostrar que acadou os obxectivos e contidos do curso. **Poderase recuperar o 1º trimestre e o 2º trimestre co traballo contínuo en clase.**

No caso de que neste ano académico o alumno teña pendente a disciplina de Piano Complementario do curso anterior, ó comezo do curso académico o profesor poderá realizar una proba inicial para saber si o alumno no período de vacacións recuperou a materia correspondente ó curso non superado e así incorporarse directamente ós contidos do curso seguinte. No caso contrario, e ó ter o Piano Comp. a opción de ser un ensino individual, o





profesor programará o curso para que, si o estudio e a aprendizaxe do alumno son os apropiados, poda realiza-los contidos que lle faltan do curso anterior e os correspondentes ó novo curso.

Recuperación no caso de que a avaliación continua non sexa posible: Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios no que as porcentaxes para a avaliación dos serán:

- Interpretación das obras: 40%
- Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia en Xuño, poderán como establece a L.O.E. examinarse en Setembro dos contidos que queden pendentes, ou de aqueles que estime oportuno o seu profesor, mediante un informe de recuperación que se dará ao titor do alumno na avaliación final.





6.3.5 Recursos didácticos

- “El Piano” 2º Tchokov-Gemiu
 Escola rusa de piano 2º Nikolaev
 Mikrokosmos II..... B. Bartok
 For Children..... B. Bartok
 “Método Europeo” vol. 2º/3º F. Emonts
 “Piezas fáciles”..... Kabalevski
 Burgmüller _____ Estudios Op. 100 nº 3, 5, 6, 7, 9, 12, 15, 16,
 18 Czerny _____ Os cinco dedos Op. 777: nº 19, 20, 21,
 22, 23, 24 M. Carra _____ Método curso 2º
 J. S. Bach _____ Pequenos preludios: DoM BWV. 939, Dom BWV. 999,
 DoM
 BWV. 924
 J. S. Bach _____ Álbum Ana Magdalena: Menuet en SolM BWV 116,
 Menuet en
 DOm BWV 121, Marche mi b M BWV. 127
 Clementi _____ Sonatinas 1, 2, 3
 Diabelli _____ Sonatina nº 1
 Op.151 Beethoven _____ Sonatina nº
 5
 Mozart _____ Pezas Kv. 15 (2 ó 3 segundo a dificultade) e Menuet K.6
 ó K.7
 Schubert _____ Ländler D.366 nº 1, 8, 5, 15
 Schumann _____ Álbum de a Mocidade nº 1, 2, 3, 4, 5, 8,
 10, 12 Tchaikowsky _____ Álbum de a Mocidade nº 5
 E. Granados _____ “Contos da mocidade” nº 6





6.4 Curso: 6º GP

1.1.4 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre os obxectivos e contidos do curso anterior que deben ser reforzados por mor da suspensión das clases presenciais no terceiro trimestre. Así mesmo, tamén deberá ter en conta e recabar datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que considere de especial interese.

6.4.1 Obxectivos

- 1.-Reforzo dos contidos aplicados nos cursos anteriores.
- 2.- Uso con criterio do pedal de resonancia.
- 3.- Diferenciación dos diferentes planos sonoros no repertorio a traballar.
- 4.- Práctica de escalas a mans xuntas en tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións.
- 5.- Estudo de exercicios e obras onde se traballe tanto o *legato* como en *non legato*.
- 6.- Desenvolvemento dun criterio persoal á hora de escoller dixitacións axeitadas.
- 7.- Traballo de obras de diferentes estilos.
- 8.- Combinación de diferentes ataques e articulacións.
- 9.- Coñecemento teórico das diferentes partes dunha obra e as consecuencias musicais derivadas.
- 10.- Realización dos acordes tríades en todos os graos e de sétima de dominante nas tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano.
- 11.- As dominantes secundarias.
- 12.- Iniciación ao transporte de fragmentos e pezas sinxelas.





13.- Práctica da lectura a vista de obras, fragmentos e acompañamentos de mediana dificultade.

14.- Construción de formas musicais básicas mediante a improvisación de melodías e acompañamentos.

15.- Redución de obras de piano e outro instrumento así como partituras pianísticas.

- Reforzarase no primeiro trimestre os obectivos 6, 8, 10 e 13 do 5º curso de Grao Profesional.
- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 7, 8 e 10.

6.4.2 Contidos

1.- Posición base na execución pianística

2.- Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do peso do brazo.

3.- Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, coordinación, velocidade forza e resistencia nos movementos articulares dos dedos).

4.- Desenvolvemento da técnica braquial (caída e lanzamento de antebrazo e brazo, movementos de rotación da man, desprazamentos laterais...).

5.- Principios de dixitación pianística.

6.- Práctica dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.

7.- Coñecemento do instrumento. Coñecemento dos pedais e as súas funcións.

8.- Interpretación de obras a dúas e catro mans.

9.- Lectura harmónica (acordes maiores e menores de dominante e subdominante, enlaces dos mesmos, modelos de acompañamento diversos adaptados a cada estrutura).;

10.- Lectura contrapuntística.

11.- Lectura de partituras a primeira vista.





12.- Realización de acompañamentos de melodías instrumentais ou vocais.

Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas armónicas dadas. Análise harmónico de fragmentos sinxelos de música para teclado.

- Reforzarase no primeiro trimestre os contidos 3, 4 9 e 10 do 5º curso de Grao Profesional.
- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 3, 10 e 12.

6.4.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- 1.- Ler textos a primeira vista.
- 2.- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- 3.- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- 4.- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado e redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
- 5.- Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas típicamente pianísticas (arpexios, etc.).
- 6.- Acompañar unha melodía coa axuda dun profesor.

Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en todas as tonalidades maiores con acordes de sétima de dominante e sétima diminuída.
- Reducir para piano algunha obra/fragmento escrito para outra formación.

2º TRIMESTRE





- Interpretar unha obra para piano.
- Traballar os enlaces de acordes tonais (I, IV, V) en todas as tonalidades xunto con acordes de sétima de dominante, sétima diminuída.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos con cambios de posición e tonalidade.
- Realizar estruturas harmónicas dadas polo profesor.
- Improvisar unha melodía sobre unha estrutura harmónica dada.

3º TRIMESTRE

- Interpretar unha obra para piano.
- Ler a primeira vista obras/fragmentos con cambios de posición.
- Ser capaz de acompañar e tocar unha melodía improvisada.
- Poder tocar de oído pequenos fragmentos da música actual.
- Realizar pequenas pezas improvisadas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- A avaliación da disciplina será continua e nela o profesor valorará de forma constante o progreso que o alumno vai experimentando durante todo o curso, así como a súa actitude e asistencia.
- **Probas.** Realizaranse probas nas que se valorarán contidos que, ademais da interpretación do repertorio, inclúan a realización de estruturas harmónicas, improvisacións, escalas, etc. **Ditas probas poderán tamén realizarse de xeito telemático se as circunstancias o requiren.**
 - No caso de perda do dereito á avaliación continua do alumno por excede-lo número máximo de faltas, o alumno terá dereito a un exame final que será realizado e convocado polo seu profesor. O contido deste exame será establecido polo Departamento de Tecla.





- Os instrumentos de avaliación son as anotacións de aula, no que se rexistran as incidencias significativas ó longo do curso, e o boletín de cualificacións, onde se reflectiran as puntuacións obtidas polo alumno en tódalas materias do curso.
- A sesión de avaliación do alumno terá lugar ó final de cada trimestre e estará presidida polo profesor titor (profesor de instrumento). Nela o equipo docente avaliará a evolución do alumno e plantexará, no caso de existir problemas, as posibles solucións e medidas a adoptar.

Criterios de cualificación

12. Interpretación de escalas e arpexios.
13. Lectura a vista.
14. Improvisación de melodías e acompañamentos nas tonalidades traballadas.
15. Harmonización dunha melodía dun mínimo de 8 compases.
16. Presentación de entre 10 e 15 pezas para piano, segundo o nivel das obras (o tribunal esixirá que se interpreten o número delas que considere oportuno). O alumno poderá presentar un número inferior de pezas si son de maior dificultade e extensión previa consulta co profesor.

17. A nota será numérica, sen a inclusión de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno ha de obter unha cualificación igual ou maior a 5.

18. Para a cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba mencionados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas Ensinanzas Artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Polo tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será:

20%: actitude fronte á materia e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.





20%: calidade non estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade de estudo na casa)

20%: traballo da lectura a primeira vista e de estruturas harmónicas.

40%: interpretación de obras ao piano (traballo dos diferentes aspectos da técnica pianística)

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Criterios para a ampliación de matrícula:

- Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Repentización, realizarase unha proba na que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor e interpretará alo menos dúas obras para piano. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Interpretación das obras: 40%

- Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de ter un ou dous trimestres suspensos, a recuperación realizarase no último trimestre por tratarse dunha avaliación continua, e onde o alumno terá que demostrar que acadou os obxectivos e contidos do curso. **Poderase recuperar o 1º trimestre e o 2º trimestre co traballo contínuo en clase.**





No caso de que neste ano académico o alumno teña pendente a disciplina de Piano Complementario do curso anterior, ó comezo do curso académico o profesor poderá realizar una proba inicial para saber si o alumno no período de vacacións recuperou a materia correspondente ó curso non superado e así incorporarse directamente ós contidos do curso seguinte. No caso contrario, e ó ter o Piano Comp. a opción de ser un ensino individual, o profesor programará o curso para que, si o estudio e a aprendizaxe do alumno son os apropiados, poda realiza-los contidos que lle faltan do curso anterior e os correspondentes ó novo curso.

Recuperación no caso de que a avaliación continua non sexa posible: Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios no que as porcentaxes para a avaliación dos serán:

- Interpretación das obras: 40%
- Realización de exercicios harmónicos, de improvisación, etc: 60%





Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia en Xuño, poderán como establece a L.O.E. examinarse en setembro dos contidos que queden pendentes, ou de aqueles que estime oportuno o seu profesor, mediante un informe de recuperación que se dará ao titor do alumno na avaliación final.

6.4.5 Recursos didácticos

“Método Europeo” vol. 3º F. Emonts

Álbum de Ana Magdalena..... J. S. Bach

J. S. Bach _____Pequenos preludios: DoM BWV. 933, Dom BWV. 934, Rem

BWV. 935, Mim BWV. 938, Mim BWV. 941, Lam BWV. 942, FaM BWV. 927, Rem BWV. 926,

Rem BWV. 940; Álbum Ana Magdalena: Polonesa BWV. 123, e Invención a 2 voces nº 1 Sonatinas Clementi

Burgmüller _____Estudos Op. 100 nº 10, 11, 13, 14, 17, 20, 21, 22, 23, 24 Cramer_____Estudo nº 1

Czerny _____Estudo nº 6 Op.

636 M. Carra _____Método curso 3º

Diabelli_____Sonatina Op. 151 nº 2

Beethoven_____Sonatina nº 6

Clementi _____Sonatinas Op. 36 nº 3, 4, 6

Kuhlau_____Sonatinas Op. 20 nº 1; Op. 88 nº 1, 2

Haydn_____Sonatas Hob. XVI/II - nº 5; XVI/4; XVI/8

Haydn_____Sonatinas Hob. XI/35 na M; Hob. XI/75 en a M Dussek_____Sonatina Op.20 nº 1





Schumann _____ Álbum de Mocidade nº 10, 11, 12, 14, 28, 35. e
Escenas de nenos nº 1

Tchaikowsky _____ Álbum de a Mocidade nº 1,
8, 16 Mendelssohn _____ Romanza sen
palabras Op. 30 nº 6

E. Granados _____ Ciclo “Contos da mocidade”: “Conto vello”, “Vindo
da fonte”,

“Dedicatoria”, “A pantasma”

Álbum de Colien _____ Muntanyí (Joseph M. Mestres Quadreny), Melodía
Mozárabe

(Joseph Adoitar, Janeira (Jorge Peixinho), Pins (Albert
Sardá)

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Os integrantes do departamento estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento será realizada mediante o procedemento de calibración coa ficha que se adxunta nun anexo.





9. ANEXOS

9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Non procede en esta materia.

9.2 Probas de acceso a outros cursos

Contidos

A proba de piano complementario para acceder aos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Grao Profesionais consistirá en:

- 1) Unha lectura a primeira vista de pequenos fragmentos musicais ou pezas dunha dificultade acorde ao nivel.
- 2) interpretar algunha/s pequena/s peza/s ou obra/s que escollerá o tribunal o seu criterio de 5 presentadas polo candidato.
- 3) Realizar unha estrutura harmónica dada polo tribunal.

Criterios de avaliación e cualificación

- 1) Unha lectura a primeira vista de pequenos fragmentos musicais ou pezas dunha dificultade acorde ao nivel (25%)
- 2) Interpretar algunha/s pequena/s peza/s ou obra/s que escollerá o tribunal o seu criterio de cinco presentadas polo candidato (50%)
- 3) Realizar unha estrutura harmónica dada polo tribunal (25%)

